



ORIENTACIÓNS XERAIS ÁS FAMILIAS

CURSO 2021-2022

SECRETARÍA: O horario de secretaría será de 10:00 a 13:00 h, durante o mes de xullo. **Durante o mes de agosto o colexio permanecerá pechado.** As persoas que necesiten algunha información do Centro deberán requerila antes de finalizar o mes de xullo. Os alumnos/as ou pais que necesiten algún documento deben solicitálo cun día de antelación.

COMEZO CURSO: A data de comezo de curso será o **xoves 9 de setembro**. Á espera de indicacións da Administración, non deixamos nesta circular referencias de horas e portas de acceso. Nos primeiros días de setembro seredes informados.

HORARIOS DO CURSO: **Luns a Xoves** : 09:10 h - 12.30 h / 15:20 h - 17:30 h. **Venres:** 09:10 h -14:00 h. No mes de **setembro e xuño** as clases en **E. Infantil/E. Primaria** serán de **9:10 h a 13:50 h**.

No caso de ter que facer as entradas e saídas diferenciadas por cursos, ditos horarios poden verse afectados ao igual que este curso.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E ACOLLIDA MATINAL: A oferta darase a coñecer no mes de setembro.

COMEDOR: O colexio dispón deste servizo que funcionará dende o **venres 10 de setembro ata fin de curso**.

UNIFORME: Os alumnos/as han de vir correctamente uniformados. Recordamos que:

1. Os zapatos serán azuis ou negros, nunca con plataforma. Medias e calcetíns do uniforme azul mariño.
2. Os tenis dos alumnos/as de E. Infantil convén que sexan brancos con pechadura de "velcro" para facilitar o seu calzado. *Non se permiten tenis con efectos luminosos.*
3. Os alumnos de infantil utilizarán o chándal todos os días.
4. As saias das nenas teñen “pregos”, non “táboas”.
5. As nenas poderán vestir tamén pantalón (modelo chino). Permítese o modelo de pantalón curto do uniforme tamén para as nenas.
6. Xersei de pico co escudo do colexio, *non chaqueta*. Os escudos pódense adquirir na secretaría do colexio.
7. Abrigo azul mariño: será obrigatorio o seu uso para todos os alumnos.
8. O chándal consta dun pantalón longo e pantalón curto con escudo (opcional), camiseta branca con escudo e chaqueta con escudo.
9. O mandilón do uniforme é unisex, con botóns centrais e por adiante. Os alumnos de comedor deben ter outro mandilón (debe ser diferente ao do uniforme).
10. Os complementos: lazos, diademas, bufandas, gorros,... teñen que ser brancos ou azuis.
11. Todas as prendas deberán estar marcadas para a súa identificación.
12. O carro das mochilas permítese a partir de 3º EP e non deberá sobresaír moito da propia mochila.

PÁXINA WEB

O Colexio dispón dunha páxina web, cuxa dirección é www.hhcarmelitas.com, na que se mostra toda a información dispoñible. Desde a web, pódese acceder tamén a plataforma educativa Educamos.

Desexando que gocedes dunhas felices vacacións, saúdavos:

A Dirección